

Instrucións para a asignación de horario da materia de PIANO COMPLEMENTARIO

Curso 2021/22

Os horarios do profesorado que impartirá a materia estarán dispoñibles na páxina web do centro para a súa consulta o xoves 23 de setembro.

Os horarios e profesorado asignaranse no acto que se realizará o **venres 24 de setembro nos horarios indicados neste documento**, como xa se informou na web do centro. Realizarase no espazo do HALL DO AUDITORIO (entrada pola planta -1 do centro).

O alumnado que curse a materia, ou as persoas que as representen, deberán estar presentes no momento do seu chamamento para a asignación de profesor/a e horario.

▪ ALUMNADO CON DEREITO DE ELECCIÓN PREFERENTE

O alumnado con algunha discapacidade ou os pertencentes a familias con 3 ou máis membros matriculados no centro terán preferencia para a escolla de profesor/a e horario. Este alumnado queda convocado para as 16:00 horas para a elección de profesor/a e horario.

▪ ALUMNADO EN HORARIO DE MAÑÁN OU DE 21 a 22 HORAS

Todo o alumnado que desexe ter clase de Piano Complementario polas mañás (antes das 16:00 horas) ou a partir das 21 horas queda convocado para as 16:15 horas para a elección de profesor/a e horario.

No caso de coincidencia na escolla de horario e/ou profesor terá preferencia o alumnado de menor idade.

O alumnado que non escolla un horario dos dispoñibles nestas franxas horarias quedará convocado para a asignación do mesmo xunto co demais alumnado (alumnado en horario de tarde).

- **ALUMNADO EN HORARIO DE TARDE**

O alumnado convócase en función do curso, nas seguintes horas:

- 6º curso de grao profesional:

Nados despois do **1 de outubro de 2002** ás 17:00 horas.

Nados antes do **1 de outubro de 2002** ás 17:30 horas.

- 5º curso de grao profesional:

Nados despois do **25 de maio de 2004** ás 18:00 horas.

Nados antes do **25 de maio de 2004** ás 18:30 horas.

- 4º curso de grao profesional:

Nados despois do **1 de abril de 2005** ás 19:00 horas.

Nados antes do **1 de abril de 2005** ás 19:30 horas.

- 3º curso de grao profesional:

Nados despois do **1 de decembro de 2006** ás 20:00 horas.

Nados antes do **1 de decembro de 2006** ás 20:30 horas

Dentro de cada curso o chamamento farase comezando polo alumnado de menor idade. No caso de coincidencia na data de nacemento a orde de chamamento determinarase en función da primeira letra do primeiro apelido¹.

O alumnado que curse a materia, ou as persoas que as representen (pai, nai ou persoa habilitada para tal fin), deberán estar presentes no momento do seu chamamento para a asignación de profesor e horario. A non asistencia no momento do chamamento levará consigo a perda de todo dereito de preferencia e/ou elección no mesmo.

¹ Tendo en conta todos os membros de cada grupo. Comézase pola letra Y, letra administrativa para os procesos de selección, de acordo coa resolución do 29 de xaneiro de 2021.